

Resolución núm. 2019/3754

RESOLUCIÓN

Nomeamento do persoal eventual do Gabinete de Presidencia ao inicio do mandato 2019 - 2023

No día da data procedeuse á constitución da Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2019 – 2023, coa elección e toma de posesión do seu presidente.

No momento actual, o Gabinete de Presidencia non dispón de persoal eventual, ao ter cesado automaticamente o persoal nomeado no anterior mandato ao cesar a Presidencia ao seu termo.

Sendo necesario dispoñer do dito persoal para poder iniciar a xestión da Presidencia neste novo mandato, estando previstos os postos de traballo na vixente Relación de Postos de Traballo e contando con dotación orzamentaria suficiente nos vixentes orzamentos provinciais, estímase oportuno proceder ao seu nomeamento.

O nomeamento do persoal eventual corresponde á Presidencia de forma libre, conforme co artigo 104.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo exposto, DISPOÑO:

Nomear, con efectos do día da data, como persoal eventual adscrito ao Gabinete de Presidencia, para os postos que se indican, ás seguintes persoas:

- Xefe do Gabinete da Presidencia: don José Ángel Sampayo Fernández
- Asesor de comunicación: don Fernando Antonio Rodríguez Méndez
- Asesor técnico: don José Jesús Cudeiro Mazaira
- Asesor de emigración: don Manoel Carrete Rivera
- Asesora de proxectos estratéxicos: dona Zaida María Alejos Garrido
- Asesor de política cultural: don Aurelio Gómez Villar
- Asesor de política deportiva: don Bernardino González Vázquez
- Auxiliar de política cultural e deportiva: dona Lara Pérez Pereira
- Asesor de proxectos internacionais: don Manuel Marcelino Barreiro Millán.

As persoas designadas percibirán as retribucións previstas na vixente Relación de Postos de Traballo para os postos de referencia. O seu réxime xurídico será o establecido no artigo 104 da Lei de bases de réxime local e 29, 30, 31 e 201 da Lei do emprego público de Galicia.

En cumprimento do establecido no artigo 104.3 da Lei de bases de réxime local, os nomeamentos efectuados deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, con indicación do seu réxime de dedicación e retribucións.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

Asinado electrónicamente por
34962672G JOSE MANUEL BALTAR (R:
P3200000B)
Presidente da Deputación de Ourense
28/06/2019 - 13:48:37

Asinado electrónicamente por
FRANCISCO CACHARRO GOSENDE -
33317954Q
O Secretario Xeral
28/06/2019 - 13:50:22